

2024

PROXECTO

ARQUIVO ONLINE DO CIRCO CONTEMPORÁNEO GALEGO

DIRIXIDO POR:
RAQUEL OITAVÉN FERNÁNDEZ

COLABORACIÓN

APCG Asociación Profesionais de Circo de Galicia
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

<https://www.apcg.gal/>

PROXECTO

A construción do [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#), será o primeiro na nosa comunidade, na nosa lingua e dos primeiros a nivel nacional. Non só visibilizará e deixará escrita e reflexada a historia actual do circo na nosa comunidade, senón tamén a da cultura que @s artistas e profesionais galeg@s seguen a tecer.

O Arquivo ademáis de proporcionar unha recensión na historia e por en valor o patrimonio cultural e de ben que representa o circo, inclusive o seu valor na oferta cultural e artística galega. Aportará información do sector en termos de: financiamento, igualdade, carácter e tipoloxía espectáculos/artistas, mapeo na xeografía galega, consumo e a contextualización no mercado dentro das diferentes Ferias e Redes Escénicas Galegas. Grazas á recadación destes datos do sector poderemos facer unha análise en profundidade, sempre respectando o tratamento dos datos persoais baixo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, da Protección de Datos Persoais, garantía dos dereitos dixitais reflexados no artigo 18.4 da Constitución Española.

O [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#), dado o seu carácter analítico, é unha ferramenta de cara a tod@s @s operador@s interesad@s da cultura, distribuidoras, artistas e traballador@s do sector artístico que queiran racionalizar e mellorar a viabilidade dos seus respectivos proxectos nun marco analítico, cun diagnóstico global e cos elementos de análise contextualizados, fortalecendo así o proceso da continuidade, profesionalización e excelencia do sector cultural galego circense.

Facer unha radiografía actual do circo hoxe é importante, tanto para a cultura galega como para @s seus traballadores/artistas e xusto agora neste contexto despois de ser aprobada a Lei de Ensinanzas artísticas, momento de reflexión e reinvenção artística, onde as artes do circo están, cada vez mais, consideradas como ben necesario para a sociedade. E é aquí onde no medio de todos os escenarios posibles, percatámonos da necesidade deste Arquivo para continuar cara adiante cunha perspectiva máis clara e concisa.

O [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#) está concebido en formato dixital para proporcionar unha visibilización global, ao alcance de tod@s, con facilidade para realizar búsquedas. O online aséntase con máis forza como plataforma de continuidade. O Arquivo estará redactado enteiramente en lingua galega con posibilidade no futuro de ser traducido a outras linguas.

BLOQUES PROXECTO

A singularidade do [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#) é que non existe outro Arquivo de circo con estas características a nivel autonómico nin estatal. Pola importancia de salvagardar e manter a información do sector circense galego a un nivel histórico. Valorando e conservando ese patrimonio de ben e interese cultural que, doutro xeito, rematará por esquecerse e desaparecer se non se rexistra.

O Arquivo componse de 3 diferentes Bloques

-Censo Artistas + Compañías + Axentes Circenses da Comunidade Galega.

-Estudo Estadístico sobre diferentes aspectos como, xénero, disciplinas, localización espazos etc.

.Videoteca e Dixitalización das cintas de vídeo dos eventos circenses ocorridos en Galicia nos últimos anos. Festas do Circo, Festivais de Gorra ou Retruke.

EQUIPA TRABALLO

Raquel Oitavén. Ideóloga, directora e redatora do [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#). Creadora escénica, artista de circo aéreo galega e docente das artes do circo. Vicepresidenta da Asoc. de Circo Circonove, Socia Fundadora da APCG (Asoc. Profesional de Circo Galega). Directora e integrante da Cía de Circo Aéreo Duelirium e Fundadora e integrante do Colectivo de danza vertical Verticalia. Conta cunha ampla experiencia no sector tanto a nivel artístico escénico como a nivel educativo e na difusión e divulgación das artes do circo e traballando tanto en Galicia, como fóra da comunidade a nivel internacional. No 2023 abre a seu Estudio Pole Art by Raquel Oitavén, en Santiago; especializado en técnicas Aéreas e Pole Dance.

Antón Coucheiro. Actor, director e clown. Estudou teatro e danza en Compostela e Praga, e circo en Rio de Janeiro. Máster de Guión na URJC, Diplomado en Impro (Bogotá) e Mestre en Dirección Teatral (ESMAE, Porto). Formouse en comedia cos mellores mestres internacionais. Traballou como actor e como guionista en TV, teatro e publicidade. Dirixiu curtas, teatro e circo. Produce os seus propios espectáculos, cos que actuou en máis de 15 países. É mestre de impro e de clown.

Desenvolve a parte da dixitalización e organización cronolóxica dos vídeos arquivados das Festas do Circo e Festivais de Gorra e Retruke, que anos atrás reuniron a tódolxs artistas da comunidade.

Inma Ricoy. Combina a súa faceta como paíasa e monologuista coa de realizadora de vídeo, especialmente para circo e teatro. Tamén rexedora e xestora cultural, está estreitamente vencellada ao Festival Manicómicos nas súas últimas edicións.

Amante dos excels de coloríños e das equipas perfectamente engrasadas, vive o Asociacionismo como parte básica da súa participación coma cidadá.

Desenvolverá o traballo do deseño da infraestrutura virtual do [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#).

AXENDA ARQUIVO

MAIO
XULLO

- Plantexamento de como abordar a organización de datos. Cales son necesarios e interesantes.
- Metodoloxía de traballo. Organigrama xeral.
- Presentación do proxecto a AGADIC

AGOS
TO

- Creación fichas formulario artistas, compañías, axentes circo galego.
- Búsqueda de fórmulas organizativas para arquivar os datos. Base ou banco de datos, excel, outros..
- Deseño de organización web ideal para o arquivo online.
- Busqueda e recadación de direccións mail e contactos para o envío de formularios.

SETEMBRO
OUTUBRO

- Presentación mediática do proxecto.
- Envío masivo de formularios.
- Recopilación dos primeiros datos.
- Organización de cara a plataforma dixital.
- Finalización da recollida de información.
- Análise datos enquisa.
- Contextualización, mapeo redes, espazos.
- Creación das ilustracións e gráficos.
- Organización cronolóxica dos vídeos dixitalizados.
- Creación da conta vimeo/youtube.
- Subida de arquivo audiovisual.
- Creación dos formatos para a inclusión web do censo.

NOVEM
BRO

- Finalización das tarefas.
- Apertura online principio Decembro.
- Xustificación

INTERESE CULTURAL CALIDADE E REPERCUSIÓN DO PROXECTO

A singularidade do [Arquivo Online do Circo Contemporáneo Galego](#) é que non existe outro Arquivo de circo con estas características a nivel autonómico nin estatal. Pola importancia de salvagardar e manter a información do sector circense galego a un nivel histórico. Valorando e conservando ese patrimonio de ben e interese cultural que, doutro xeito, rematará por esquecerse e desaparecer se non se rexistra.

Tampouco existen estudos previos similares que permitan comprender as dinámicas e comportamentos d@s distint@s operador@s artísticos do circo galego. O Arquivo será unha aportación importante para tod@s el@s. Dado que os resultados obtidos cos formularios, contrastados en sesións de traballo c@s profesionais do sector, aportan información de altísimo interese e novidosa sobre os déficits e potencialidades da produción e distribución de carácter profesional. Podendo así mellorar a oferta artística e turística, proporcionando á sociedade produtos culturais circenses galegos de calidade.

O alcance potencial da difusión do proxecto será global ao existir e crearse para o medio dixital. O [Arquivo Online de Circo Contemporáneo Galego](#) manterase dentro dunha plataforma web accesible para tod@s. Farase a presentación aos medios de comunicación galegos e a todas as escolas, artistas, asociacións, festivais, distribuidoras ao igual que ás institucións pertinentes galegas. A nivel estatal comunicarse dentro do marco de Circo Red, Federación Estatal de Asociacións Profesionais de Circo xunto a revistas especializadas en circo e arte, entre outros.

LINKS FORMULARIOS

CENSO ARTISTA. SÓ CUBRIR ARTISTAS DA NOSA COMUNIDADE VIVAN OU NON EIQUI. REFERÍMONOS TAMEN @S ARTISTAS QUE NON NACERON EIQUI MAIS VIVEN E DESENROLAN A SÚA ACTIVIDADE EN GALICIA.

[HTTPS://DOCS.GOOGLE.COM/FORMS/D/E/1FAIPQLSE_VH4KEMYYX5TJTT4RBJX3YJXCAZRUTHR-QB9HYFZSM_USKG/VIEWFORM?USP=SF_LINK](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIPQLSE_VH4KEMYYX5TJTT4RBJX3YJXCAZRUTHR-QB9HYFZSM_USKG/VIEWFORM?USP=SF_LINK)

CENSO COMPAÑÍA. SÓ CUBRIR 1 PERSOA DA COMPAÑÍA PERTENCE A COMUNIDADE GALEGA.

[HTTPS://DOCS.GOOGLE.COM/FORMS/D/E/1FAIPQLSDUQ1VXNNX1FMT6J4W6GQ_3WATA--QU3VYNHXM5CGQRDLWBPA/VIEWFORM?USP=SF_LINK](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIPQLSDUQ1VXNNX1FMT6J4W6GQ_3WATA--QU3VYNHXM5CGQRDLWBPA/VIEWFORM?USP=SF_LINK)

CENSO AXENTES CIRCO. SÓ CUBRIR POL@S AXENTES DO CIRCO CON RÉXIME FISCAL EN GALICIA.

DISTRIBUIDORAS, PRODUTORAS, ESCOLAS, ASOCIACIÓNS, FESTIVAIS CIRCO, XESTOR@S CULTURAIIS...

[HTTPS://DOCS.GOOGLE.COM/FORMS/D/E/1FAIPQLSE_VH4KEMYYX5TJTT4RBJX3YJXCAZRUTHR-QB9HYFZSM_USKG/VIEWFORM?USP=SF_LINK](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIPQLSE_VH4KEMYYX5TJTT4RBJX3YJXCAZRUTHR-QB9HYFZSM_USKG/VIEWFORM?USP=SF_LINK)

VÍAS DE CONTACTO

apcgsecretaria@gmail.com

apcirkog@gmail.com

